

Á atención de:

Presidente da Xunta de Galicia

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Consellería de Sanidade

Desde a Federación de Servizos de CCOO entendemos que, a pesar de que a lei permite a apertura do día 9 de abril, Xoves Santo, dada a actual situación cómpre tomar medidas para a prevención e a contención do virus. Recollemos así as demandas de numerosas traballadoras e traballadores do sector.

CCOO Servizos instamos a Xunta de Galicia a que non permita que o sector da alimentación abra o Xoves Santo, en pleno estado de alarma. Todos os anos, a fixación de festivos para a apertura xera un forte debate entre empresarios e sindicatos, pero este ano abrir o Xoves Santo, ademais, é inseguro e innecesario.

Creamos que é prioritario asegurar a protección das persoas traballadoras, especialmente expostas nesta situación, e abrir nun festivo como este resulta contrario ao sentido común. Hai que ter en conta, ademais, que ante a enorme presión sufrida por estas traballadoras, a necesidade de descanso é evidente.

A Federación de Servizos de CCOO subliñamos que con esta petición recollemos o sentir de centos de traballadoras e traballadores que cada día acoden ao seu posto de traballo con inquietude e preocupación.

Abundando na mesma idea, consideramos que debe acometerse a modificación da Resolución do 15 de marzo de 2020, para os establecementos comerciais cuxa apertura se definiu baixo principios de abastecemento esencial, xustamente para definir os seus horarios de apertura baseándose nos devanditos principios e a limitación de permanencia para a contención da emergencia sanitaria.

Moi especialmente, entendemos que a regulación relativa á definición de "zonas de grande afluencia turística" (ZGAT) e aperturas en domingo debe suspenderse todo o tempo que prolongue o estado de alarma, xa que —ocioso é dicilo—, pola súa propia definición carece de sentido nunha situación como a presente, incluíndo a curto prazo o referente ao período de Semana Santa.

Creamos que debe ser compatible a debida garantía de acceso a produtos básicos alimentarios ou de hixiene coa seguridade e saúde dos cadros de persoal; e pensamos que recentes normativas liberalizadoras son inconvenientes e poden ter "un efecto chamada" xusto no momento de maior confinamento da poboación, polo que deberían restrinxirse e racionalizarse os horarios de atención nos días festivos.

Por último, tamén queremos recoñecer a enorme tarefa das traballadoras e traballadores do sector da alimentación. Son moitas as profesións que están sendo clave nesta crise, son moitas as persoas que están a traballar para poder pasar esta situación dunha mellor maneira e, sen dúbida, este sector tamén merece o noso aplauso.

Atte.

A Coruña, 31 de marzo de 2020

Asdo. Lucía Trenor López

Secretaria xeral

Federación de Servizos de CCOO de Galicia

